

RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Materia	Historia da Arte	Nivel	2º BACH Adultos
Profesora	Fernández Salas, Patricia Inés Polo Pigueiras, María Jesús (substituta)		

CONTIDOS

1º TRIMESTRE

BLOQUE 1: Raíces da arte europea: o legado da arte clásica

- B1.1 Grecia, creadora da linguaxe clásica: principais manifestacións.
- B1.2 A función social da arte grega. / B1.3 Comentario de obras da arte grega.
- B1.4 Visión do clasicismo en Roma. A arte na Hispania romana e na Gallaecia.
- B1.5 Función social da arte en Roma. / B1.6 Comentario de obras de arte de Roma.

BLOQUE 2: Nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval

- B2.1 Acheга cristiá na arquitectura e na iconografía
- B2.2 Arte bizantina / B2.3 Comentario de obras de arte bizantina.
- B2.4 Arte prerrománica
- B2.5 Arte románica
- B2.6 Función social da arte románica / B2.7 Comentario de obras de arte románica
- B2.8 A arte gótica. / B2.9 Función social da arte gótica. / B2.10 Comentario de obras de arte gótica
- B2.11 A arte hispanomusulmá. O románico no Camiño de Santiago. B2.12 Comentario de obras de arte medieval española.

BLOQUE 7. O VOCABULARIO ARTÍSTICO

- B7.1 Vocabulario artístico

2º TRIMESTRE

BLOQUE 3: Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno

- B3.1 O Renacemento: patróns e artistas. A nova linguaxe en arquitectura, pintura e escultura.
- B3.2 Función da arte no Renacemento. / B3.3 Comentario de obras de arte do Renacemento.
- B3.4 A recepción estética renacentista na Península Ibérica. / B3.5 Comentario de obras de arte do Renacemento españolas.
- B3.6 A arte do Barroco: a arquitectura e o urbanismo.
- B3.7 Función social da arte no Barroco. / B3.8 Comentario de obras de arte do Barroco.
- B3.9 O Barroco español: grandes figuras do Século de Ouro. / B3.10 Comentario de obras de arte do barroco español
- B3.11 O século XVIII: refinamento rococó. Neoclasicismo e Romanticismo. / B3.12 Comentario de obras de arte do século XVIII

BLOQUE 4. O século XIX: a arte nun mundo en transformación

B4.1 Goya / B4.2 Comentario de obras de arte de Goya

B4.3 A Revolución Industrial e o impacto de novos materiais na arquitectura. Historicismo, Modernismo, Escola de Chicago e nacemento do urbanismo moderno. / B4.4 Comentario de obras de arte de arquitectura do século XIX.

B4.5 Evolución da pintura: Romanticismo, Realismo, Impresionismo e Simbolismo. Postimpresionistas, xerme das vangardas do século XX.

B4.6 Función social da arte no século XIX. / B4.7 e B4.9 Comentario de obras de arte do século XIX.

B4.8 Escultura: mantemento do clasicismo. Rodin

BLOQUE 7. O VOCABULARIO ARTÍSTICO

B7.1 Vocabulario artístico

3º TRIMESTRE

BLOQUE 5. A ruptura da tradición: arte na primeira metade do século XX.

B5.1 O fenómeno das vangardas nas artes plásticas: Fauvismo, Cubismo, Futurismo, Expresionismo, pintura abstracta, Dadaísmo e Surrealismo. / B5.2 Comentario de obras de arte: a plástica na primeira metade do século XX.

B5.3 Renovación da linguaxe arquitectónica: o funcionalismo do Movemento Moderno e a arquitectura orgánica. /

B5.4 Comentario de obras de arte da arquitectura da primeira metade do século XX.

BLOQUE 6. A universalización da arte dende a segunda metade do século XX

B6.1 Predominio do Movemento Moderno ou Estilo Internacional en arquitectura. A arquitectura á marxe do estilo internacional: High Tech, arquitectura Posmoderna e Deconstrución. / B6.2 Comentario de obras de arte de arquitectura dende a segunda metade do século XX.

B6.3 Artes plásticas: das segundas vangardas á posmodernidade. / B6.4 Comentario de obras de arte: a arte dende a segunda metade do século XX.

B6.5 Novos sistemas visuais: fotografía, cine e televisión, cartelismo e cómic. Combinación de linguaxes expresivas.

B6.6 Impacto das novas tecnoloxías na difusión e na creación artística

B6.7 Arte e cultura visual de masas.

B6.8 O patrimonio artístico como riqueza cultural. A preocupación pola súa conservación. A UNESCO

BLOQUE 7. O VOCABULARIO ARTÍSTICO

B7.1 Vocabulario artístico

(Debe facerse fincapé que o Bloque 7 que recolle o contido de vocabulario artístico está presente nas 3 avaliacións)

AVALIACIÓN

INSTRUMENTOS

1) PROBAS ESCRITAS

Realizarase unha proba escrita como mínimo, por trimestre que seguirá o modelo proposto polo Grupo de Traballo da materia de Historia Arte para a ABAU 2019, e que consistirá nunha pregunta-práctica na que se escollerán 2 láminas de 3 que deberán identificar, contextualizar, analizar e comentar (8 puntos) e unha cuestión sobre vocabulario artístico (elixirán 4 termos de 8 propostos de xeito individual ou ben en texto) (2 puntos). Para que estas probas ou exames fagan media entre si deberá acadarse unha cualificación mínima de 3,5 puntos.

- **Valoración das probas escritas: 70% da nota total da avaliación.**

2) TRABALLO INDIVIDUAL OU DE GRUPO REALIZADO NA AULA/CASA

- ✓ Trátase de traballos –individuais ou de grupo- de resumo e síntese así como tamén de pescuda, sobre temas puntuais propostos.
- ✓ Participación oral na aula ben a título individual ou en forma de debates.
- ✓ Actividades para realizar na aula e/ou casa baseadas no traballo de investigación sobre diferentes obras de arte de distintos períodos
- **Valoración do traballo individual ou en grupo: 30% da nota total da avaliación**

Outros aspectos que se terán en conta á hora de cualificar as distintas probas que realice o alumnado son:

- Se un alumno non se presenta a un exame, só terá dereito á realización do mesmo cando achegue un documento oficial por escrito que xustifique a devandita ausencia.
- A cualificación na avaliación ordinaria de maio será a media das tres avaliacións parciais. O resultado desta media redondearase segundo a evolución do alumnado durante o curso.

RECUPERACIÓNS

O alumnado que por diversas razóns non asista á clase e perda o dereito á avaliación continua terá que someterse a unha proba final de toda a materia no mes de maio.

Cando un alumno non acade os mínimos esixibles na avaliación, terá a posibilidade de recuperación realizando unha proba escrita sobre os mesmos contidos.

Se a nota media das tres avaliacións non chega ao aprobado, o alumnado terá dereito a unha última convocatoria, a través dunha proba única que se realizará no mes de maio (convocatoria ordinaria).

O alumnado que non aprobe na devandita convocatoria ordinaria deberá presentarse á avaliación extraordinaria de xuño (este curso será o primeiro no que a avaliación extraordinaria teña lugar no mes de xuño). Realizarase unha única proba escrita.

MATERIAL DE TRABALLO

O material, tanto teórico coma práctico, que se vai empregar neste curso será facilitado pola profesora encargada da materia: presentacións, resumos, documentos en formato dixital.

En calquera momento o profesor poderá achegar outro tipo de material (fotocopias, vídeos, audios, libros de consulta...) que estime oportuno para reforzar a teoría ou a práctica que se estea a traballar nese trimestre.